



***Obradoiro:
Educación
sensorial co
teu bebé***

DIRIXIDO A: Bebés (entre 0 e 15 meses) acompañados dunha (1) persoa adulta

DATA: martes, 3 de decembro de 2019

LUGARES E HORAS: Escola Pro-Semente Vigo
(Doutor Corbal, 102) ás 17:30

Duración: 90 minutos

IMPARTIDO POR: María Paredes, pedagoga e educadora infantil

Prazo de inscrición: *dende o luns 25 de novembro e ata completar as prazas*

Inscrición: *deben chamar ao teléfono 986 81 02 81 de 9:00 a 13:00 e
facilitarnos nome, apelidos e teléfono de contacto*

Sinopse:

Obxectivos:

- ✓ Crear un espazo de encontro para pais e nais que están a experimentar unha nova etapa nas súas vidas.
- ✓ Dotar aos pais e nais de coñecementos de crianza e estimulación que poidan aproveitar nas súas casas.
- ✓ Facer deste espazo, un encontro onde compartir e resolver dúbidas e medos.
- ✓ Socializar adultos e bebés a través do xogo, música, ferramentas prelectura...

Contidos:

- ✓ Xogos educativos e de estimulación axeitados a idade madurativa do bebé.
- ✓ Dinámicas de educación sensorial.
- ✓ Técnicas para incentivar de maneira respectuosa o desenvolvemento psicomotor do bebé.
- ✓ Pautas para o acompañamento respectuoso e estimulante para o bebé.

Protección de datos: Estes datos incorporaranse ás correspondentes actividades de tratamento do Concello de Vigo e serán tratados coa finalidade específica de cada tratamento de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e demais disposicións de aplicación.

A lexitimación do tratamento está baseada no consentimento das persoas interesadas.

O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais.

Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Vigo poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do ficheiro. No caso de descoñecer este órgano, a solicitude dirixirase a dpd.vigo@vigo.org

Así mesmo os usuarios e usuarias tamén teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.